



**FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL**



FUNCIÓNS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BÉISBOL E SOFBOL

1. A Federación Galega de Béisbol e Sofbol exerce as funcións que lle atribúen os seus estatutos, así como aquelas de carácter público que se lle delegan pola Lei Galega do Deporte.
2. A Federación Galega de Béisbol e Sofbol exerce como funcións propias as seguintes:
 - a) A convocatoria das seleccións galegas de Béisbol e Sofbol e la designación dos deportistas que as integran.
 - b) Colaborar coas administracións públicas e coa federación española de Béisbol e Sofbol, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do Béisbol e Sofbol na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - c) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
 - d) Colabora e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - e) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
 - f) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores, xuíces e árbitros según a normativa correspondente.
3. Os actos adoptados pola Federación Galega de Béisbol e Sofbol no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
4. Son funcións públicas delegadas, e se exercerán en réximen de exclusividade pola Federación Galega de Béisbol e Sofbol, as seguintes:
 - a) Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións de conformidade con la normativa aplicable.
 - b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
 - c) Expedir licenzas deportivas para a práctica do Béisbol e Sofbol nos termos establecidos na Lei Galega do Deporte.
 - d) Asignar as subvencións e axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
 - e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus estatutos.
 - f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos pola Lei Galega do Deporte e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus estatutos e regulamentos.



FEDERACIÓN GALEGA DE BÉISBOL E SÓFBOL

- g) Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
 - h) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. A istos efectos, e entre outras accións, a Federación Galega de Béisbol e Sofbol instruirá e resolverá os expedientes sancionadores que no ámbito do dopaxe se sustancien, de conformidade con lo establecido en el título VIII da Lei Galega do Deporte.
 - i) Calquera outra que regulamentariamente se determine.
5. As funcións públicas delegadas serán exercidas pola Federación Galega de Béisbol e Sofbol baixo a tutela da Administración deportiva, que, conforme se determine regulamentariamente, procederá á súa asunción nos casos de extinción da federación ou cando ésta se encontre en situación concursal. A Federación Galega de Béisbol e Sofbol exercerá as funcións públicas delegadas de forma directa, sin que podan ser obxecto de delegación ou exercicio por ningunha substitución, sin autorización da Administración deportiva.